

Informe



CONSELLO  
DA CULTURA  
GALEGA

A SITUACIÓN PROFESIONAL  
DOS DOCUMENTALISTAS  
NOS MEDIOS DE COMUNICACIÓN  
DE GALICIA

ARQUIVO DE COMUNICACIÓN







# A SITUACIÓN PROFESIONAL DOS DOCUMENTALISTAS NOS MEDIOS DE COMUNICACIÓN DE GALICIA

ARQUIVO DE COMUNICACIÓN  
CONSELLO DA CULTURA GALEGA

Edita: © Consello da Cultura Galega

Deseño: [BARRO, SALGADO, SANTANA]

Realización: GRÁFICAS ATV

ISBN 978-84-96530-25-6

D.L. C 388-2007

## COORDINADORES

Xosé López García  
María Antonia Pérez Rodríguez  
Miguel Túñez López

## COLABORADORES

Pedro Carrasco Solla  
Marcos S. Pérez Pena  
Rosa Aneiros Díaz

## PROMOTORES

Consello da Cultura Galega  
Consellaría de Traballo



# ÍNDICE

0. INTRODUCCIÓN .....	9
1. METODOLOXÍA .....	11
2. SITUACIÓN XERAL .....	12
2.1. CONDICIÓN PROFESIONAIS .....	12
2.2. FUNCIONAMENTO DOS ARQUIVOS .....	12
2.3. CARACTERÍSTICAS DOS ARQUIVOS .....	13
2.3.1. DENOMINACIÓN .....	13
2.3.2. SITUACIÓN FÍSICA DO LOCAL DO ARQUIVO E DIMENSIÓN .....	13
2.3.3. OS DEPÓSITOS .....	16
2.3.4. DE QUEEN DEPENDEN .....	17
3. SITUACIÓN LABORAL DOS DOCUMENTALISTAS .....	19
3.1. SOPORTE .....	19
3.2. XÉNERO .....	20
3.3. FORMACIÓN .....	20
3.4. FORMACIÓN CONTINUA .....	20
3.5. DOMINIO DE IDIOMAS .....	21
3.6. ANTIGÜIDADE .....	21
3.7. SITUACIÓN CONTRACTUAL .....	22
3.8. CATEGORÍA CONTRACTUAL .....	22
3.9. INGRESOS .....	23
3.10. CONDICIÓN ESPECIALS NOS PRODUTOS DA EMPRESA .....	24
3.11. XORNADA LABORAL .....	24
3.12. FINS DE SEMANA .....	26
3.13. HORARIO .....	26
3.14. VACACIÓN .....	26
3.15. HORAS EXTRA .....	27



3.16. SATISFACCIÓN LABORAL	.27
3.17. CONSIDÉRASE BEN PAGADO?	.28
3.18. O TRABALLO QUE REALIZA É ADECUADO Á SÚA FORMACIÓN?	.29
3.19. A EMPRESA APROVEITA A SÚA FORMACIÓN?	.30
3.20. ORGANIZADO DOUTRO XEITO, MELLORARÍA O SEU RENDEMENTO?	.31
3.21. A EMPRESA COLABORA NA SÚA RECICLAXE PROFESIONAL?	.32
3.22. CONSIDÉRASE VALORADO POLA EMPRESA?	.33
3.23. CONSIDÉRASE VALORADO POLOS XORNALISTAS?	.34
3.24. CONSIDÉRASE VALORADO POLOS TÉCNICOS?	.35
3.25. CRE QUE A EMPRESA XULGA RENDIBLE O ARQUIVO?	.36
3.26. CRE QUE O ARQUIVO INFLÚE NA BOA IMAXE DA EMPRESA DE CARA AO CONSUMIDOR?	.37
3.27. SÉNTESE A GUSTO CO SEU TRABALLO?	.38
3.28. PROBLEMAS DE SAÚDE	.39
3.29. PERTENZA A SINDICATOS E AGRUPACIÓNS PROFESIONAIS	.40
4. SITUACIÓN POR SOPORTES	.41
4.1. RADIO	.41
4.2. TELEVISIÓN	.47
4.3. PRENSA ESCRITA	.48
4.4. XORNAIS DIXITAIS	.50
5. ANEXOS	.51
5.1. CUESTIONARIO FASE 1	.51
5.2. CUESTIONARIO INDIVIDUAL (FASE 2)	.52
5.3. CUESTIONARIO MEDIOS (FASE 2)	.57

## 0. INTRODUCCIÓN

Durante os últimos anos, a Sección de Comunicación do Consello da Cultura Galega vén elaborando estudos que permiten avanzar nun mellor coñecemento da realidade sociolaboral dos profesionais da información e que facilitan un mellor coñecemento da situación do sector. Esta perspectiva foi complementada con outros dous eixes, centrados en aspectos lingüísticos e no uso e actitudes cara ás novas tecnoloxías. Estas claves son consideradas determinantes nos procesos de produción dos medios de comunicación e teñen unha grande incidencia nas características das informacións que finalmente son publicadas.

Froito de diversos convenios de colaboración asinados entre o Consello da Cultura Galega e a Xunta de Galicia, a través do seu departamento de Relacións Laborais (integrado sucesivamente nas consellarías de Xustiza, Interior e Relacións Laborais, primeiro, Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais, despois, e actualmente de Traballo son hoxe públicas investigacións que axudan a construír unha imaxe fiel das condicións laborais dos traballadores dos medios de comunicación de Galicia e das súas actitudes profesionais. Estas achegas permitiron estudar o funcionamento interno das redaccións dende perspectivas e ámbitos diferentes. A partir dun estudo inicial que permitiu elaborar un primeiro censo dos xornalistas que exercían o seu labor en Galicia e que ofreceu unha perspectiva global (*Condicións laborais e actitudes profesionais nos medios de comunicación*, CCG, Santiago, 2000), dúas investigacións sucesivas botaron luz sobre colectivos profesionais cuxa situación laboral era case descoñecida ou non fora estudada en absoluto. Por un lado analizouse a situación laboral dos xornalistas dos medios electrónicos (*Xornalismo en internet. Actitudes profesionais e condicións laborais dos periodistas en liña*, CCG, Santiago, 2002) e, por outro, elaborouse o presente traballo sobre a situación profesional dos documentalistas.

A primeira das investigacións realizadas (*Condicións laborais e actitudes profesionais nos medios de comunicación*) foi coordinada polos profesores Miguel Tüñez e Xosé López. A publicación recolle unha descrición da situación profesional dos xornalistas nos medios de comunicación de Galicia, proporciona información sobre a situación laboral, a realidade lingüística e as novas tecnoloxías. Trátase dun estudo con abundantes datos e unha detallada análise sobre a adaptación dos profesionais que traballan no campo do xornalismo ás novas tecnoloxías que nese momento comezaban a mudar o escenario comunicativo. A investigación foi realizada grazas á colaboración da Sección de Comunicación do Consello da Cultura Galega, a Asociación da Prensa de Santiago, a Consellaría de Xustiza, Interior e Relacións Laborais e a Facultade de Ciencias da Comunicación da USC.

Este estudo foi continuado cun novo traballo (*Xornalismo en internet. Actitudes profesionais e condicións laborais dos periodistas en liña*), coordinado novamente por Xosé López e Miguel Tüñez,

que completaba as conclusións da primeira investigación, centrándose nos profesionais que traballaban nos novísimos medios electrónicos galegos. Os promotores deste estudo foron a USC, o Consello da Cultura Galega e a Consellaría de Xustiza, Interior e Relacións Laborais, aos que se uniu o Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia.

Ademais dun traballo pendente de publicación sobre a lingua galega na prensa, a presente investigación afonda no coñecemento da situación laboral dos documentalistas e no funcionamento dos propios servizos e centros de documentación nos medios de comunicación de Galicia. A importancia deste traballo é clara, dada a vital función que estes profesionais cumpren dentro dos medios nos procesos de localización e subministración de información. Este estudo sobre a situación profesional dos documentalistas nos medios de comunicación de Galicia foi coordinado polos profesores María Antonia Pérez, Miguel Túniz e Xosé López, ao abeiro dun convenio de colaboración entre o Consello da Cultura Galega e a no seu día Consellaría de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais da Xunta de Galicia. Os datos que presentamos son froito do traballo de campo que tivo lugar entre os meses de outubro e decembro de 2004. O procesamento e análise da información realizouse entre os meses de xaneiro e febreiro de 2005. Polo tanto, estes resultados supoñen unha foto fixa da situación dos documentalistas en Galicia a inicios de 2005, que, se ben puido modificarse nalgún dato, conserva os seus trazos xerais.

As investigacións realizadas ata este momento permitiron coñecer polo miúdo a situación laboral dun colectivo, o dos traballadores dos medios de comunicación, cunhas características moi particulares en canto á súa formación, acceso ao mercado laboral, contratos, condicións de traballo (horarios, categoría laboral...) e cunha grande incidencia na elaboración da información nos medios de comunicación de masas. Uns profesionais que, ademais, desenvolven a súa actividade nun espazo cuxos condicionantes, en canto á estrutura empresarial e ao uso de novas tecnoloxías, mudan moi rapidamente. Todo isto engade valor e importancia a estes estudos e aumenta a necesidade de que este tipo de investigacións teñan continuidade no futuro, ben como actualizacións dos traballos xa realizados, ben como afondamentos en medios, colectivos ou realidades máis concretas.

*Xosé López García*  
Sección de Comunicación  
Consello da Cultura Galega

## 1. METODOLOXÍA

Unha vez delimitados os obxectivos e dimensións do traballo e acoutados os límites da investigación, nunha primeira fase contactouse telefonicamente con todos os medios de comunicación de Galicia (dos catro soportes: prensa, radio, televisión e internet) de carácter supralocal (descartáronse tan só os locais ou comarcais), tanto coas súas redaccións centrais como coas súas delegacións. O obxectivo deste traballo era, por un lado, localizar todos os medios con arquivos e centros de documentación e, polo tanto, todos os documentalistas que neste momento se atopan traballando nos medios galegos. Por outro lado, as entrevistas telefónicas desta primeira fase (seguindo o cuestionario que se achega no anexo 5.1.) serviron para coñecer o funcionamento dos arquivos en todos os medios.

Nunha segunda fase procedeuse a entrevistar, tamén telefonicamente, todos os traballadores dos arquivos e centros de documentación (seguindo o cuestionario achegado en 5.2.). Asemade, aos xefes das respectivas seccións de documentación, ademais deste cuestionario, máis centrado na súa situación laboral e na súa opinión persoal sobre o funcionamento do arquivo, realizóuselles un segundo cuestionario (ver 5.3.), no que se lles preguntaba sobre as características físicas e de equipamento dos locais e depósitos de cada centro de documentación. Do primeiro cuestionario recibíronse vinte e sete respostas positivas e trece negativas. E do segundo, doce respostas positivas e unha negativa. O traballo de campo realizouse entre os meses de outubro e decembro de 2004. O procesamento e análise de datos tivo lugar entre os meses de xaneiro e febreiro de 2005.

O presente informe presenta as dúas vertentes da investigación: unha máis específica sobre as condicións laborais e profesionais dos documentalistas que traballan nos medios de comunicación e outra máis centrada no funcionamento dos arquivos e centros de documentación e no papel que desempeñan para o enriquecemento do produto informativo.

## 2. SITUACIÓN XERAL

### 2.1. CONDICIÓNS PROFESIONAIS

En total son 47 os documentalistas que traballan nos medios galegos: 25 na prensa (distribuídos en nove xornais) e 22 na radio e televisión (en tres empresas distintas). A Compañía de Radio Televisión de Galicia é a empresa que emprega un número meirande (19), seguida de La Voz de Galicia (7).

Tan só un de cada dez está licenciado en Documentación e máis dun terzo non ten formación universitaria. Isto é suplido con cursos de reciclaxe e formación continua, que son seguidos por seis de cada dez traballadores. Case todos teñen un contrato indefinido e dous de cada tres levan traballando na mesma empresa máis de dez anos. Con todo, nun de cada tres contratos os documentalistas aparecen maioritariamente como «axudantes de redacción» (unha situación que é maioritaria na prensa) e só catro de cada dez ven reflectida a súa categoría e actividade reais. O seu soldo mensual medio sitúase ao redor de 1200 euros, que cobran en 15 ou 16 pagas.

Traballan unha media de 36 horas semanais (5,38 horas cada día) e gozan dunha media de case 30 días de vacacións ao ano. Normalmente non fan horas extra. Dous de cada tres sufriron algún problema de saúde relacionado coa súa actividade laboral, nomeadamente dores de lombo e aumento da miopía.

A grandes trazos, os documentalistas considéranse mal pagados, mais atópanse satisfeitos cos seus empregos no terreo profesional e cren que o traballo que realizan é axeitado á súa formación. No entanto non se senten ben valorados nin polos seus xefes, nin polos xornalistas cos que traballan (si polos técnicos), reclámanlle á empresa que se preocupe pola súa formación continua e que organice doutro xeito o funcionamento dos centros de documentación para que melloren o seu rendemento. En xeral cren que os seus xefes, malia considerar rendible o arquivo, non aproveitan todas as súas capacidades, sobre todo de cara a mellorar a imaxe do medio ante os seus consumidores.

### 2.2. FUNCIONAMENTO DOS ARQUIVOS

O primeiro dato que chama a atención é que só unha pequena parte dos medios de comunicación de Galicia dispoñen dun arquivo estruturado ou de documentalistas ou persoal específico que o xestione e organice. Existen xornais que non almacenan o seu traballo e que dependen dos servizos de arquivo doutras cabeceiras do mesmo grupo editorial, e o mesmo sucede nalgunha

televisión. Pero a situación máis grave vívese, seguramente, nas emisoras de radio. Ningunha delas (agás o caso da Radio Galega, que aproveita o servizo de documentación da CRTVG, común á radio e á televisión autonómicas) dispón de persoal específico para xestionar os materiais que almacenan e en moitísimos casos case non se garda nada do emitido (agás a preceptiva copia legal).

Nos medios en que si existe un arquivo ou centro de documentación e nos que traballa algún documentalista, a situación, aínda que loxicamente é máis positiva, resulta francamente mellorable. Arquívanse moitos materiais: textos publicados, fotografías..., mais despois a recuperación destes resulta complicada: hai medios en que estas bases de datos non están en rede e os xornalistas deben recorrer en todo momento aos documentalistas para atopar e utilizar os materiais que necesitan. Ademais, en moitos casos non se realiza un tratamento documental das pezas arquivadas, non son indexadas correctamente, o que reduce o valor dos arquivos e dificulta o proceso de recuperación da información.


### 2.3. CARACTERÍSTICAS DOS ARQUIVOS

#### 2.3.1. Denominación


O nome (sexa oficial ou coloquial) co que os documentalistas se refiren á súa sección, e como son coñecidos no xornal, é moito máis que unha simple denominación. O nome denota en certas ocasións a función e a importancia que se lle outorga en cada empresa ao seu centro de documentación. Non é o mesmo chamarlles «Centro de Documentación» ou similar que falar deles simplemente como «Arquivo» ou «Documentación». En cinco dos medios estudados emprégase a denominación «Arquivo», en dous «Documentación» e noutros tres coexisten as dúas denominacións. Como anécdota, cómpre salientar o caso de *La Región*, onde, segundo os responsables da sección, o nome oficial é «Centro de Documentación» pero «coloquialmente» fálase del como «Arquivo». A excepción é a CRTVG, onde o seu centro de documentación é denominado «Servizo de Documentación», tanto a nivel oficial coma informal.

#### 2.3.2. Situación física do local do arquivo e dimensións


A meirande parte dos arquivos nos medios de comunicación galegos (o 73%) están situados na propia redacción ou como mínimo no mesmo andar. A excepción é a CRTVG, cuxos almacéns, debido ao seu tamaño, se atopan nun andar distinto do local, a uns 200 metros de distancia.



Ao redor dun terzo dos locais de traballo dos arquivos dos medios de comunicación de Galicia (o 30%) miden menos de 20 metros cadrados. E outro terzo mide entre 20 e 50. Polo tanto, este é o patrón que predomina: locais de traballo de dimensións inferiores a cincuenta metros cadrados (representan o 60% do total). Con todo, cómpre chamar a atención sobre o feito de que outro 30% mide máis de cen metros cadrados e que outro dez por cento ten unhas dimensións de entre 50 e cen metros cadrados. Polo tanto, máis dun terzo dos arquivos teñen grandes dimensións, superando os cincuenta metros cadrados.




Tan só 1 de cada 3 locais está dividido en estancias, seguindo pois a maioría o esquema dominante para a distribución de espazos das redacción: espazos abertos, únicos, sen paredes (o 64%).




Todos os locais de traballo atópanse cerca dos seus respectivos depósitos (a menos de 10 metros) aínda que algún deles, coma o de La Voz de Galicia, dispón de dous almacéns: un máis pequeno, xunto ao local do arquivo, no que se gardan os materiais de consulta frecuente, e outro meirande e máis afastado, no que se recollen a maior parte dos fondos.

A totalidade dos arquivos teñen calefacción, oito de cada dez dispoñen de aire acondicionado e ao redor da metade gozan de luz natural (o 55%) e de sistemas de renovación de aire (o 45%). En ningún dos arquivos estudados os seus responsables afirmaron sufrir problemas relacionados coa humidade.



Todos os arquivos dispoñen de cando menos un ordenador para cada traballador. O 82% conta con acceso a internet e nove de cada dez (o 91%) están conectados a unha rede interna (intranet) para poder acceder e ser accesibles dende calquera ordenador da redacción.


Os andeis son maioritariamente de madeira e metal (máis de seis de cada dez); hai arquivos en que tan só son de metal e outros en que se atopan diferentes tipos de materiais, como andeis de obra, de plástico...






### 2.3.3. Os depósitos


En canto aos depósitos, as súas dimensións varían moito. Atopamos que case a metade miden menos de 20 metros cadrados, pero tamén que unha proporción moi alta (o 44%) teñen máis de cen.




A metade dos depósitos están divididos en estancias (o 50%).



Case todos os depósitos teñen calefacción, máis de oito de cada dez dispoñen de aire acondicionado e algo menos da metade (o 44%) gozan de sistemas de renovación de aire. Case tres de cada dez dispoñen de acceso á luz natural. En ningún dos arquivos estudados os seus responsables afirmaron sufrir problemas relacionados coa humidade nos seus depósitos.




Os andeis son maioritariamente de madeira e metal (dous de cada tres), hai depósitos en que tan só son de metal (o 30%) e outros en que se atopan diferentes tipos de materiais, como andeis de obra, de plástico...




#### 2.3.4. De quen dependen

As seccións de documentación non teñen unha localización absolutamente definida dentro dos organigramas das empresas de comunicación. Así, dentro dos medios galegos, algo menos da metade depende directamente da Dirección e o resto do xefe de Redacción.




A maior parte dos arquivos (oito de cada dez) non dispoñen de orzamento propio. Nos casos en que isto é así, cando é necesario realizar un gasto extraordinario (compra de materiais, reparacións, adquisición de bases de datos ou fondos documentais) os respectivos xefes da sección de documentación deben realizar un informe que xustifique o desembolso, que debe ser aprobado pola dirección do xornal (na meirande parte dos casos) ou polo departamento de administración.

*La Voz de Galicia, La Opinión de A Coruña e Faro de Vigo* teñen orzamento propio, o que lles permite xestionar unha cantidade anual para cubrir os seus gastos na meirande parte das ocasións. Con todo, isto non impide que para a xustificación de certos gastos extraordinarios non teñan que recorrer á dirección.




Tres de cada dez mercan habitualmente equipamentos e dispositivos de novas tecnoloxías, así coma libros (outro 36%), mentres que o 27% dispón de partidas nos seus orzamentos para a adquisición de bases de datos en internet.



### 3. SITUACIÓN LABORAL DOS DOCUMENTALISTAS


#### 3.1. SOPORTE

Os documentalistas que traballan nos medios de comunicación en Galicia distribúense case a partes iguais entre medios escritos (53%) e audiovisuais (47%). Non hai ningún documentalista traballando nun medio dixital.




En total son 47 os documentalistas que traballan nos medios galegos, 25 na prensa (distribuídos en nove xornais) e 22 na radio e televisión (en tres empresas distintas). A Compañía de Radio Televisión de Galicia é a empresa que emprega un número meirande (19), seguida de La Voz de Galicia (7).

	Prensa	Radio-TV	Total
Homes	17	6	23
Mulleres	8	16	24
Total	25	22	47




### 3.2. XÉNERO

Homes e mulleres tamén se reparten a partes case iguais (24 mulleres e 23 varóns). Con todo, atópanse grandes diferenzas por soporte: na prensa son clara maioría os homes (dous de cada tres), mentres que a proporción é inversa nos medios audiovisuais (hai 16 mulleres, por 6 homes).




### 3.3. FORMACIÓN

Tan só un de cada dez documentalistas conta coa licenciatura en Documentación. Unha proporción semellante é licenciado en Xornalismo e ao redor doutro corenta por cento ten outra licenciatura distinta. Iso significa que máis dun terzo dos documentalistas (36%) non ten formación universitaria e que entre os que a teñen só unha pequena parte goza de formación específica en documentación.




### 3.4. FORMACIÓN CONTINUA

A precaria formación específica dos documentalistas inténtase solucionar, en parte, con cursos de reciclaxe e formación continua específicos da profesión. Así, case a metade dos documentalistas (48%) asistiu nos últimos anos a algún destes cursos.




### 3.5. DOMINIO DE IDIOMAS

Case nove de cada dez documentalistas que traballan nos medios galegos domina a lingua propia de Galicia. O coñecemento de inglés e francés descende até case o vinte por cento.




### 3.6. ANTIGÜIDADE

Os documentalistas levan en xeral varios anos traballando de forma continuada na súa empresa. Dous de cada tres teñen unha antigüidade superior a dez anos (nomeadamente os do Servizo de Documentación da CRTVG, onde a maior parte leva máis de quince anos) e nove de cada dez levan máis de tres anos no mesmo medio. No lado contrario, menos dun de cada dez incorporouse no último ano.




### 3.7. SITUACIÓN CONTRACTUAL

O 96% ten contrato e na súa maioría (en nove de cada dez casos, un 88%) trátase dun contrato indefinido. Un 8% atópase en prácticas dunha duración que oscila entre os seis e os dezaoto meses e unha pequena parte está facendo unha substitución dun compañeiro.




### 3.8. CATEGORÍA CONTRACTUAL

Catro de cada dez documentalistas ven recoñecida no seu contrato de traballo a súa categoría laboral real e a función que efectivamente realizan no medio de comunicación no que traballan: documentalista (ou, cando menos, técnico de documentación). Pero un terzo figura como «axudante de redacción» (na prensa é a situación máis habitual), un 11% aparece como «redactor» e outro 4% como «axudante de documentación».




### 3.9. INGRESOS

O soldo mensual medio dun documentalista sitúase nos 1200 euros brutos, algo máis de mil euros netos. Nesta situación (entre 900 e 1500 € brutos mensuais) atópase case a metade dos traballadores. Con todo, o 35% gaña menos de 900 € mensuais netos. Nos medios audiovisuais (nomeadamente na CRTVG) a situación é ben distinta: a meirande parte dos soldos brutos superan os 1800 euros mensuais e sitúanse entre 1500 e 1800 euros netos. En conxunto, o soldo bruto medio dun documentalista en Galicia supera os 1500 € e o neto está entre 1200 e 1500.




Ingresos brutos



Ingresos netos


Oito de cada dez cobran 15 ou 16 pagas ao ano (o 55% cobra tres pagas extraordinarias), aínda que encontramos excepcións de traballadores que só perciben 14 ou mesmo 12 e algún que cobra 17.






### 3.10. CONDICIÓN ESPECIAIS NOS PRODUTOS DA EMPRESA

Catro de cada dez (42%) gozan de ofertas ou condicións especiais nos produtos da empresa (subscrición, agasallos ou produtos de promoción da compra...).




### 3.11. XORNADA LABORAL


Os documentalistas galegos traballan unha media de 5,89 horas diarias, o oitenta por cento sitúase nunha franxa de 5 a 7 horas. Un corenta por cento traballa sete horas cada día e outro dez por cento traballa oito. Os casos de traballadores a tempo parcial (menos de cinco horas) ou daqueles cunha xornada superior a oito son excepciónais.




Os documentalistas traballan unha media de 5,38 días á semana, sendo maioría os que o fan cinco (60%) ou seis (24%). Ademais, unha proporción importante, dous de cada dez, teñen xornadas laborais semanais nas que sucesivamente alternan cinco e seis días de traballo.



A xornada semanal media está en 35,95 horas e o 71% dos traballadores sitúase entre as 35 e as 40 horas. Con todo, o 17% ten xornadas iguais ou inferiores a 35 horas. Só un de cada dez traballa máis de corenta horas semanais.




Nesta gráfica obsérvase como a maioría dos traballadores se coloca na franxa das 35 horas semanais.




### 3.12. FINS DE SEMANA

Tres de cada catro teñen que traballar algunha fin de semana. Non obstante, este traballo é compensado en todos os casos, case sempre economicamente (cun sobresoldo), agás algunha excepción (hai empresas en que se cambian por días libres).



### 3.13. HORARIO


A maior parte (68%) ten o mesmo horario todo o ano. Con todo, dous dos enquisados afirman que hai máis traballo no verán (especiais, festas, menos xente), aínda que outros dous sosteñen que é precisamente nos meses estivais cando menos traballo hai. Pola súa banda outros dous defenden que é no Nadal, de outubro a febreiro (por especiais, tamén), cando máis traballo se acumula; un, en abril ou maio (Letras Galegas); e outro, cando hai eleccións.



### 3.14. VACACIÓNS


Os documentalistas teñen unha media de 30,15 días de vacacións ao ano. A maior parte ten algo menos de 30 (o 44%) ou 30 días xustos (36%). Porén, un de cada cinco (20%) goza dun período maior.

Dous de cada tres afirman poder distribuílos segundo os seus intereses, mentres que o resto di ter que consensualo coa empresa, que lle limita o período en que pode ter acceso a eses días.



### 3.15. HORAS EXTRA

Un 24% dos enquisados afirma realizar horas extra de cando en vez. Destes, a metade di que a empresa llas remunera e a outra metade non consegue cobralas.



### 3.16. SATISFACCIÓN LABORAL



A grandes trazos, os documentalistas declaran estar mal pagados (agás os da CRTVG) mais están satisfeitos cos seus empregos no terreo profesional. Con todo, non se senten ben valorados nin polos seus xefes nin polos xornalistas cos que traballan (si polos técnicos), reclámanlle á empresa que se preocupe pola súa formación continua e que organice doutro xeito o funcionamento dos centros de documentación para que melloren o seu rendemento. En xeral cren que os seus xefes, malia considerar rendible o arquivo, non aproveitan todas as súas capacidades, sobre todo de cara a mellorar a imaxe do medio ante os consumidores.

	<b>Media (de 1 a 10)</b>	<b>Si (6-10). En %</b>	<b>Non (1-5). En %</b>
Ben pagado	5,4	56	44
Adecuado á formación	6,76	60	40
Aprovéitase a formación	5	54	46
Organizado doutro xeito, melloraría	7,58	83	17
Cursos de reciclaxe	4,62	35	65
Valorado pola empresa	4,54	33	67
Valorado polos xornalistas	5,5	54	46
Valorado polos técnicos	6,3	73	27
A empresa xúlgao rendible	4,83	46	54
Inflúe na boa imaxe	6,58	61	39
Séntese a gusto	6,96	69	31

### 3.17. CONSIDÉRASE BEN PAGADO?

Case a metade considérase mal pagado (44%) e só un catro por cento lle outorga ao seu soldo as máximas cualificacións (nove ou dez). A media, ao redor do cinco, indica un nivel de satisfacción moderado. Con todo, xunto a unha gran cantidade de notas mínimas (1), as notas centrais (6 / 7) tamén reciben moitas respostas. As diferenzas por soportes son grandes: mentres que na prensa a media se sitúa por debaixo do cinco, nos medios audiovisuais (maioritariamente públicos) as respostas soben, en case todos os casos, do seis.



<b>Ben pagado. Media= 5,4</b>	<b>%</b>
Non (1-2)	16
Non, con reservas (3-5)	28
Si, con reservas (6-8)	52
Si (9-10)	4



### 3.18. O TRABALLO QUE REALIZA É ADECUADO Á SÚA FORMACIÓN?

Pola contra, os documentalistas si consideran de xeito unánime que o traballo que realizan é axeitado á súa formación (media de notable, 6,76). De feito, seis de cada dez danlle a este asunto unha valoración superior a seis e case un terzo outórgalle nove ou dez.


Adequado á formación. Media=6,76	%
Non (1-2)	8
Non, con reservas (3-5)	32
Si, con reservas (6-8)	28
Si (9-10)	32



### 3.19. A EMPRESA APROVEITA A SÚA FORMACIÓN?

A empresa aproveita a formación dos seus documentalistas pero con reservas. A maior parte considera que este asunto merece un aprobado e outórgalle cualificacións entre 6 e 8, mais tamén se atopan moitas respostas de 2, 3 e 4, que baixan a media até o 5.

<b>Aproveita a formación. Media=5</b>	<b>%</b>
Non (1-2)	16
Non, con reservas (3-5)	32
Si, con reservas (6-8)	36
Si (9-10)	16





### 3.20. ORGANIZADO DOUTRO XEITO, MELLORARÍA O SEU RENDEMENTO?

Os documentalistas non teñen dúbidas: o seu rendemento melloraría se os arquivos estivesen organizados doutro xeito. Así o cren máis de catro de cada cinco enquisados (o 83%), con moitas valoracións superiores a seis, que fan crecer a media até o 7,58.

<b>Organizado, melloraría. Media=7,58</b>	<b>%</b>
Non (1-2)	0
Non, con reservas (3-5)	17
Si, con reservas (6-8)	50
Si (9-10)	33





ARQUIVO DE COMUNICACIÓN



3.21. A EMPRESA COLABORA NA SÚA RECICLAXE PROFESIONAL?

A formación continua dos documentalistas é unha materia pendente para as empresas. Os documentalistas danlle a este apartado unha valoración media de 4,62, con cualificacións moi repartidas, nas que se poden atopar dende numerosas respostas superiores a nove até inferiores a dous. Isto indica as diferenzas existentes entre as empresas no referente a este asunto.



Colabora na reciclaxe. Media=4,62	%
Non (1-2)	23
Non, con reservas (3-5)	42
Si, con reservas (6-8)	23
Si (9-10)	12



### 3.22. CONSIDÉRASE VALORADO POLA EMPRESA?

Os documentalistas non se senten valorados polos seus xefes (4,54 sobre dez) e un de cada catro mesmo lle outorga unha cualificación inferior a 2. Atópanse respostas moi diferentes, claro está, e un 33% dos enquisados incluso «aproba» as súas empresas, iso si, con escasas notas «altas» (só un 4% de superiores a nove).



Valorada pola empresa. Media=4,54	%
Non (1-2)	25
Non, con reservas (3-5)	42
Si, con reservas (6-8)	29
Si (9-10)	4



### 3.23. CONSIDÉRASE VALORADO POLOS XORNALISTAS?

Os documentalistas tampouco se consideran valorados polos xornalistas. A media é superior a cinco (5,5), pero a proporción de suspensos (notas inferiores a seis) é semellante á de aprobados (54% a 46). Aínda sen atopar respostas superiores a oito, si que é certo que unha proporción moi alta (54%) outorga cualificacións superiores a seis, case sempre situadas arredor dos sete puntos.



Valorado polos xornalistas. Media=5,5	%
Non (1-2)	21
Non, con reservas (3-5)	25
Si, con reservas (6-8)	50
Si (9-10)	4



### 3.24. CONSIDÉRASE VALORADO POLOS TÉCNICOS?

Os documentalistas si se atopan valorados polos técnicos (deseñadores, informáticos...), cunha valoración media de máis de seis puntos (6,3). Tres de cada catro (73%) outórganlles unha cualificación superior a seis.



Valorado polos técnicos. Media=6,3	%
Non (1-2)	18
Non, con reservas (3-5)	9
Si, con reservas (6-8)	50
Si (9-10)	23



### 3.25. CRE QUE A EMPRESA XULGA RENDIBLE O ARQUIVO?

Para os documentalistas de prensa, a empresa cre que o arquivo é rendible (56% de respostas positivas), mais as respostas sitúanse nas notas centrais na súa meirande parte e son escasas as valoracións superiores a oito. En cambio, para os que traballan en medios audiovisuais, a valoración é distinta e abundan as respostas inferiores a dous puntos.



<b>Xulga rendible. Media=4,83</b>	<b>%</b>
Non (1-2)	29
Non, con reservas (3-5)	25
Si, con reservas (6-8)	33
Si (9-10)	13



### 3.26. CRE QUE O ARQUIVO INFLÚE NA BOA IMAXE DA EMPRESA DE CARA AO CONSUMIDOR?


Os documentalistas valoran o seu traballo e dous de cada tres cren que o arquivo inflúe na boa imaxe da empresa de cara ao consumidor, o que eleva a valoración media de acordo con esta idea até o 6,58. De feito, un terzo (31%) dá a esta afirmación a valoración máxima (superior a nove).


<b>Boa imaxe. Media=6,58</b>	<b>%</b>
Non (1-2)	12
Non, con reservas (3-5)	27
Si, con reservas (6-8)	30
Si (9-10)	31



### 3.27. SÉNTESE A GUSTO CO SEU TRABALLO?



Malia non estar satisfeitos cos seus soldos e malia non sentirse moi valorados polos seus xefes nin polos xornalistas, os documentalistas atópanse a gusto nos seus traballos (así o afirman máis de tres de cada catro, un 69%), cunha valoración media de sete puntos (6,96). De feito, case non se atopan repostas inferiores a catro.





### 3.28. PROBLEMAS DE SAÚDE

Dous de cada tres documentalistas (62%) afirman ter sufrido nos últimos dous anos algún problema de saúde relacionado coa súa actividade laboral. Entre estes problemas destacan as dores de lombo (sufríunas o corenta por cento do total), o aumento da miopía (outro corenta por cento) e, xa con proporcións máis baixas, o desánimo (20%) e o cansazo e as dores de gorxa, con proporcións inferiores ao dez por cento.





### 3.29. PERTENZA A SINDICATOS E AGRUPACIÓNS PROFESIONAIS

A pertenza a sindicatos ou agrupacións profesionais, sen ser maioritaria, si supera á existente noutras profesións semellantes e mesmo á do propio xornalismo. Así, só un de cada dez documentalistas (o 11,1%) está afiliado a algún sindicato, mentres que exactamente o dobre (22,2%) pertence a algunha agrupación profesional específica da documentación (Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia, Asociación de Periodistas de Galicia, ANABAD, SEDIC...). Ademais, como estas pertenzas case non están duplicadas (os sindicatos non pertencen a estas asociacións e viceversa), isto significa que máis do 30% dos documentalistas (o 33,3%) pertence a algunha agrupación de traballadores.

## 4. SITUACIÓN POR SOPORTES

### 4.1. RADIO

A excepción da CRTVG, que dispón dun Servizo de Documentación centralizado que abastece tanto á Televisión de Galicia como á Radio Galega e no que traballan 18 documentalistas, en Galicia non existe a figura do documentalista de radio. Ningunha das demais emisoras, sexan centrais ou delegacións, conta cun traballador destinado a tarefas de arquivo ou documentación. En realidade, case en ningún caso existe un arquivo minimamente estruturado, xa que o almacenamento de información adoita depender do voluntarismo dos técnicos e dos redactores. Na maioría dos casos tan só se garda a copia legal dos contidos de produción propia e resulta sorprendente comprobar que a duración da almacenaxe desta copia legal varía enormemente dunhas emisoras a outras.

A música recibe un mellor tratamento, sobre todo nas emisoras especializadas e radiofórmulas, nas que estes materiais supoñen a base da súa programación. Nestes casos, discos, cancións e cortes arquívanse en discos duros, indexados de xeito sinxelo, atendendo case unicamente ao título e intérprete das pezas. Porén, estes contidos na meirande parte dos casos non están dispoñibles en rede e só poden ser consultados nun ordenador central.

Emisora	N.º docs.	Arquivo de emisión	Formato	Arquivo de materiais	Formato	Criterios	En rede	Observacións	Discoteca
40 PRIN. A Coruña	0	Non	-	Nada	-	Ningún	Non	-	Pequeno arquivo físico
40 PRIN. Lugo	0	Non	-	Nada	-	-	Non	-	CD que envían as discográficas. Arquivados por número e título
40 PRIN. Pontevedra	0	15 días	Disco duro	Nada	-	-	Si	-	-
40 PRIN. Santiago	0	15 días	Disco duro	Nada	-	-	Non	-	1300 cancións no disco duro
40 PRIN. Vigo	0	Non	-	Cortes dos locutores locais. Programas	mp3	Título	Si	Gravan e arquivan en CD individualizados o «Maketón Estrella Galicia»	Ver SER Vigo
C. DIAL Vigo	0	Non	-	Nada	-	-	Non	-	Ver SER Vigo

ARQUIVO DE COMUNICACIÓN

Emisora	N.º docs.	Arquivo de emisión	Formato	Arquivo de materiais	Formato	Criterios	En rede	Observacións	Discoteca
C. DIAL Rias Altas	0	1 mes	Minidisco	Algún corte	CD	Ningún	Non	-	Discoteca propia, organizada por n.º, estilo, nome de grupo, español/estranxeiro, vocalista masc./fem., nome do álbum
C. DIAL Lugo	0	Non	-	Nada	-	-	Non	-	40 PRIN. Lugo
C. DIAL Pontevedra	0	15 días	Disco duro	Nada	-	-	Si	-	40 PRIN. Pontevedra
C100 Lugo	0	8 días	VHS	Sintonías, cortinas...	Disco duro	Ningún	Non	-	Ver C. 100 Ourense
C100 Ourense	0	1 mes	VHS	Nada	-	Ningún	Non	-	BPMSstudio: circuito mp3 dende Madrid. É un buscador de cancións, funciona a base de descargas
C100 Rias Baixas	0	Non	-	Nada	-	Ningún	Non	Conectarán deconectado coa rede de C. 100. Ver C. 100 Ourense	Pequena discoteca organizada por orde de chegada, nome do disco e do artista
C100 Ribadeo	0	Non	-	Nada	-	Ningún	Non	-	Ver C. 100 Ourense
COPE Verín	0	15 días	VHS	Algún corte	Disco duro	Fonte	Non	-	-
COPE A Coruña	0	15 días	VHS	Entrevistas e algún corte	Minidisco	Fonte, data e tema	Non	-	-
COPE Noia	0	7 días	VHS	Algún corte e entrevista	Disco duro	Fonte e data	Non	Está previsto facer copias de seguridade en VHS	-
COPE Vigo	0	15 días	DAT	Algún corte e entrevista	Disco duro	Data e tema	Non	-	-
COPE Lugo	0	7 días	VHS	Algún corte e entrevista	CD	Ningún	Non	-	-
COPE O Barco	0	1 mes	VHS	Algún corte	Minidisco	Data	Non	Gárdanse en papel todas as noticias emitidas, organizadas por data	-

Emisora	N.º docs.	Arquivo de emisión	Formato	Arquivo de materiais	Formato	Criterios	En rede	Observacións	Discoteca
COPE Carballiño	0	7 días	Disco duro	Algún programa, corte e entrevistas	Minidisco	Ningún	Non	Gárdanse de xeito sistemático os programas: «Parroquia a parroquia», «Xentes do Carballiño»	
COPE Ferrol	0	15 días	VHS	Algún corte e entrevista	Minidisco	Fonte, data e tema	Non	-	-
COPE Ourense	0	15 días	VHS	Algún corte e entrevista	Minidisco, CD	Ningún	Non	-	-
COPE Pontevedra	0	7 días	VHS	Programas, cortes, reportaxes e entrevistas	Minidisco	Ningún	Non	-	-
COPE Ribadeo	0	15 días	Casete	Algún corte e entrevista	Casete	Tema e personaxe	Non	-	-
COPE Santiago	0	4 meses	Minidisco	Todo	Minidisco	Data, fonte, tema	Non	Proxecto de arquivo central	-
COPE Vilalba	0	15 días	VHS e Disco duro	Algún corte e entrevista	Disco duro	Data e tema	Non	As noticias emitidas gárdanse en papel, ordenadas por data	-
Europa FM A Coruña	0	Non	-	Nada	-	-	Non	Non emite programación propia	Non ten
Europa FM Lalin	0	7 días	Casete	Nada	-	-	Non	A programación local redúcese á publicidade	Non ten
Europa FM O Porriño	0	Non	-	Nada	-	-	Non	-	-
Europa FM Ourense	0	Non	-	Nada	-	-	Non	-	-
Europa FM Santiago	0	Non	-	Nada	-	-	Non	-	O. CERO Santiago
M80 Vigo	0	Non	-	Nada	-	-	Non	Non ten programación local	SER Vigo

ARQUIVO DE COMUNICACIÓN

Emisora	N.º docs.	Arquivo de emisión	Formato	Arquivo de materiais	Formato	Criterios	En rede	Observacións	Discoteca
M80 A Coruña	0	Non	-	Nada	-	Ningún	Non	Non ten programación local	Arquivo físico algo maior que os dos 40 PRIN.
M80 Pontevedra	0	Non	-	Nada	-	-	Non	Non ten programación local	40 PRIN. Pontevedra
MÁXIMA FM Pontevedra	0	Non	-	Nada	-	-	Non	Non ten programación local	40 PRIN. Pontevedra
MÁXIMA FM Vigo	0	Non	-	Nada	-	-	Non	Non ten programación local	SER Vigo
O. CERO A Coruña	0	2 meses	Disco duro	Algún corte e entrevista	Disco duro CD	Data	Non	Gárdanse en papel todas as noticias emitidas, organizadas por data	-
O. CERO O Porríño	0	15 días	Casete	Algún corte	Disco duro	Tema e lugar	Non	-	-
O. CERO Barbanza	0	1 mes	Disco duro	Algún corte	Disco duro	Ningún	Non	-	-
O. CERO Carballiño	0	7-10 días	Casete	Algún corte	Disco duro	Data e personaxe	Non	O arquivo límpase cada ano	-
O. CERO Ferrol	0	2 meses	Disco duro	Algún corte e entrevista	Disco duro e CD	Data	Non	Gárdanse en papel todas as noticias emitidas, organizadas por data	-
O. CERO Lalin	0	7 días	Casete	Algún corte	Casete e CD	Data e fonte	Non	-	-
O. CERO Lugo	0	15 días	Disco duro	Algún corte	Disco duro	Data e tema	Non	-	-
O. CERO Ourense	0	15 días	Minidisco	Algún corte e programa	Disco duro en mp2	Data e fonte	Non	-	-
O. CERO Pontevedra	0	15 días	DAT	Todo	Disco duro	Tema e lugar	Non	-	-
O. CERO Santiago	0	4-5 meses	Disco duro	Algún corte e entrevista	Disco duro e CD	Tema e data	Non		Pequena librería musical cunha base de datos ordenada por título de álbum, título de canción, discográfica e artista

Emisora	N.º docs.	Arquivo de emisión	Formato	Arquivo de materiais	Formato	Criterios	En rede	Observacións	Discoteca
O. CERO Vigo	0	3-4 meses	Disco duro	Algún corte e programa	Casete	Data	Non	Gárdanse en papel, ordenados por data, os guións e noticias dos informativos e programas	-
R. GALEGA	18	Si	Todo	Cortes, programas	CD	Base de datos co sistema de busca BRS en texto continuo	Si	Datos da CRTVG	Arquivo dixital con máis de 300 000 cancións
R. LÍDER Santiago	0	Non	-	Algún programa	Casete	Ningún	Non	-	-
R. MARCA A Coruña	0	10 días	Disco duro	Nada	-	-	Si	Comezou a programación local en outubro	-
R. MARCA Vigo	0	10 días	Disco duro	Nada	-	-	Si	-	-
RNE A Coruña	0	1 mes	CD	-	-	-	-	-	-
R. VOZ Lugo	0	1 mes	Disco duro	Nada	-	-	Non	-	-
R. VOZ A Coruña	0	2 meses	Disco duro	Todo	CD (mp3)	Data, título de programas	Non	-	-
R. VOZ Vigo	0	Todo	Disco duro	Todo	Disco duro	Ningún	Non		
R. VOZ Bergantiños	0	15 días	Bobina e casete	Alguns cortes e programas	Disco duro	Data e palabra clave	Non	Gardan bobinas vellas	Alguns CD e vinilos, sen informatizar
R. VOZ Ferrol	0	1 mes	Bobina	Algún corte	CD	Data e fonte	Non	-	-
R. VOZ Ourense	0	15 días	Disco duro	Cortes emitidos	Disco magneto optico	Data e palabra clave	Non	-	-

## ARQUIVO DE COMUNICACIÓN

Emisora	N.º docs.	Arquivo de emisión	Formato	Arquivo de materiais	Formato	Criterios	En rede	Observacións	Discoteca
R. VOZ Pontevedra	0	15 días	Disco duro	Todos os informativos durante 5 anos	Disco magneto óptico	Data	Non	Descargan cancións da Coruña	Organizan os álbums por título da canción, do álbum, vocalista masculino/feminino, español/estraxeiro. O programa permite buscar nas letras das cancións
R. VOZ Santiago	0	1 mes	Disco duro	Algún corte	Disco magneto óptico	Data e palabra clave	Non	-	-
RNE A Coruña	0	1 mes	Disco duro	Algúnhas cousas: cortes, entrevistas, programas (non de forma sistemática e dependendo da vontade e elección de cada redactor)	En rede. Cada certo tempo pásase a CD	Data e contido	Si	Houbo un documentalista fixo hai uns anos. Agora ocúpase do arquivo un dos redactores da emisora (polo tanto non de forma exclusiva nin continua)	O arquivo está en boas condicións, pero en termos documentais está abandonado. Cada certo tempo vaise dixitalizando (a CD) todo o material almacenado en bobina aberta
R. VOZ Pontevedra	0	15 días	Disco duro	Todos os informativos durante 5 anos	Disco magneto óptico	Data	Non	-	Cargan cancións dende A Coruña. Teñen CD organizados por n.º, nome, título, masculino/feminino, español/estraxeiro
SER Lugo	0	15 días	VHS	Nada	-	-	Non	-	-
SER Mariña	0	2 meses	Casete	Algúns cortes	Disco duro	Fonte	Non	-	-
SER Limia	0	Non	-	Nada	-	-	Non	-	-
SER A Coruña	0	2 meses	Disco duro	Entrevistas, programas directos, algúns cortes	Disco duro	Data, fonte e tema	Non	Créanse CD por temas e fontes	

Emisora	N.º docs.	Arquivo de emisión	Formato	Arquivo de materiais	Formato	Criterios	En rede	Observacións	Discoteca
SER Vigo	0	4 meses	VHS	Alguns cortes	Disco duro	Ningún	Si	Gárdanse programas patrocinados en mp3 e wav	21 mil CD arquivados por n.º, artista e título de álbum e canción
SER Vilalba	0	20 días	Disco duro	Algun corte	Disco duro	Fonte	Non	-	-
SER Bergantiños	0	2 meses	Casete	Cortes	Minidisco	Ningún	Non	-	-
SER Monforte	0	10 días	Minidisco	Alguns cortes e entrevistas	Bobina, casete e disco duro	Data	Non	-	-
SER Ourense	0	10 días	Casete	Nada	-	-	Non	-	-
SER Pontevedra	0	6 meses	Casete	Alguns cortes	Disco duro	Data, fonte, titular	Si	-	-
SER Santiago	0	2 meses	VHS	Cortes emitidos	CD	Data, fonte, tema	Non	Central	-

#### 4.2. TELEVISIÓN

En canto á televisión, a CRTVG funciona como arquivo audiovisual de Galicia: non só concibe o seu centro de documentación como fonte de material para os redactores da empresa, senón tamén como arquivo de acceso público, polo que o seu funcionamento e estrutura son destacables. Doutra banda, Televisión Española en Galicia e Atlas Galicia contan con algún documentalista (dous e un, respectivamente) nas súas sedes centrais, nas que dispoñen dun arquivo proxectado para abastecer tamén ás súas delegacións. Alí gárdase a copia legal e almacénanse tanto os brutos como as pezas producidas, etiquetadas para facilitar a busca posterior. E tamén contan con bancos de imaxes ás que recorrer na procura de recursos para o traballo diario. Por último, cómpre salientar o caso de Antena 3, que viu desaparecer o seu servizo de documentación logo dos recortes de persoal que a empresa efectuou en 2003 e hoxe en día non ten capacidade loxística para almacenar material ningún.



Canle	N.º documentalistas	N.º de emisión	Formato	Arquivo de materiais	Formato	Criterios	En rede	Observacións
ANTENA 3	0	Non	-	Nada	-	-	-	Servizo de documentación desaparecido tras os recortes de persoal en 2003
ATLAS-TELE 5 A Coruña	1	Si	DVCam, DVCPPro, Betacam dixital	Pezas editadas, banco de imaxes	DVCam, DVCPPro, Betacam dixital	Data, tema, código de tempos, xornalista, temática	Non	Catalogación en base de datos Access
ATLAS-TELE 5 Vigo	0	Si	DVCPPro	Pezas editadas	DVCPPro	Data, tema, código de tempos, xornalista	Non	Almacenaxe a cargo dos redactores e dos cámaras. Catalogación en base de datos Excel
TVE GALICIA A Coruña	0	Non	-	Brutos	Betacam dixital	-	Si	-
TVE GALICIA Santiago	2	Si	Betacam dixital	Todo, brutos	Betacam dixital	Título, temas, lugar, persoa	Si	Arquivo central en rede para todas as delegacións
TVE GALICIA Vigo	0	Non	-	Brutos	Betacam dixital	-	Si	-
TVG	19	Si	DVCPPro	Todo, brutos	DVCPPro	Produción propia/allea, área temática, data, programa	Si	Ademais do arquivo do emitido, faise unha escolma do que se considera de interese. Existe un arquivo dixital cunha escolma diaria de contidos de prensa

### 4.3. PRENSA ESCRITA

Quizais por mimetismo cos xornais de referencia doutras comunidades autónomas e coas empresas galegas máis avanzadas, a maioría das cabeceiras galegas contan xa cun apartado dedicado a documentación xestionado por persoal específico (moitas delas incorporárono moi recentemente). O estado e o funcionamento deses arquivos, porén, non é o que debería en case ningún dos casos porque para optimizar o seu rendemento sería preciso un maior número de traballadores. As empresas galegas de información escrita non semellan estar totalmente convencidas das prestacións e van-taxes de contar cun bo centro de documentación, e os propios profesionais da información tampouco adquiriron aínda o hábito de recorrer a este servizo.

O material que recibe un mellor tratamento é o fotográfico, que adoita estar ben clasificado e permite un bo acceso por parte do xornalista. O material documental, no entanto, rara vez excede o correspondente á información publicada até entón polo propio xornal.

	N.º de docs.	Arq. do publicado	Formato	En rede	Criterios	Arq. de imaxe	Formato	En rede	Criterios	Observacións
<i>A NOSA TERRA</i>	0	Si (dende 2000)	Disco duro: PDF	Si	Palabras	Si	Si	Non	CD: dixital	-
<i>ATLÁNTICO DIARIO</i>	1	Si (dende 2004)	DVD	Non	Protagonistas, tema, data	Si	Programa Arcano: Disco duro. Formato dixital	Si	Protagonistas, temas e data	-
<i>DIARIO DE AROUSA</i>	0	Non	-	Non	-	Non	-	Non	-	Centralizado en <i>El Ideal</i> . Fotos locais gardadas polos fotógrafos
<i>DIARIO DE FERROL</i>	0	Non	-	Non	-	Non	-	Non	-	Almacén de números en papel. As fotos xestionáronse en <i>El Ideal</i>
<i>DIARIO DE PONTEVEDRA</i>	1	Si	Papel, PDF (dende 2001)	Non	Data, palabras	Si	Dixital	Non	Data, tema, personaxe	
<i>EL CORREO GALLEGO</i>	2	Si	CD: PDF	Non	Palabras	Si (as de axencia, só as publicadas)				Mesmo arquivo para <i>Galicia-Hoxe</i> . As delegacións non arquivan nada
<i>EL IDEAL GALLEGO</i>	3	Si	Disco duro	Si	Data, palabras	Si	Dixital e papel (en carpetas)	Si	Data, tema, personaxe	Centraliza os servizos de arquivo do <i>Diario de Ferrol</i> , <i>Diario de Arousa</i>
<i>EL PROGRESO</i>	3	Si	Microficha e DVD	Non	Palabras	Si	Papel, formato dixital. Cada día 600 fotos	Si	Sección, tema, personaxe	Nas delegacións arquivanse os n.ºs publicados en papel; as fotos, en papel. Proximamente reestruturación
<i>FARO DE VIGO</i>	3	Si	Papel, tif (1853) Disco duro (1996) e CD	Si	Palabras	Si	Jpeg. 35 mil fotos do arquivo histórico	Si	Tema, personaxe e data	Centralizan as fotos das delegacións

	N.º de docs.	Arq. do publicado	Formato	En rede	Criterios	Arq. de imaxe	Formato	En rede	Criterios	Observacións
LA OPINIÓN	3	Si	Disco duro: PDF	Si (en probas)	Palabras	Si	Disco duro jpeg	Si (en probas)	Tema, persoxaxe	Polo de agora os redactores deben pedir as fotos ao arquivo
LA REGIÓN	2	Si (xornal e suplementos)	Programa Arcano. Disco duro	Si	Descritores: título, tema data...	Si	Disco duro: formato dixital	Si	Descritores: título, tema, data...	As fotos non publicadas son gardadas polos fotógrafos
LA VOZ DE GALICIA	7 (4 no arq. escrito e 3 no gráfico)	Si	Disco duro 1882-1995, en tif. A partir do 95 en PDF	Si	Palabras e data	Si	Dixital	Si	Data, autor, tema e protagonistas	Centraliza os arquivos de texto das delegacións. As fotos de cada delegación gárdanse en cada sede, organizadas por tema, fonte e data. Responsabilidade dos fotógrafos

#### 4.4. XORNAIS DIXITAIS

Os xornais dixitais non contan con documentalistas, nin con centros de documentación específicos. Cando se trata das edicións *on-line*, os cibermedios aproveitan o arquivo da cabeceira en papel. Esta sinerxía funciona tamén á inversa, pois nalgúns casos, como en *La Voz* e *El Correo*, as hemerotecas *on-line* presentes nas súas páxinas web son utilizadas polos propios redactores do xornal en papel para realizar buscas.

## 5. ANEXOS

### 5.1. CUESTIONARIO FASE 1

N.º ___ Medio: .....		<input type="checkbox"/> Central	<input type="checkbox"/> Delegación
SEXO <input type="checkbox"/> M <input type="checkbox"/> F	Entrevista N.º	Entrevistador:	
1. O seu medio dispón de arquivo do emitido ou publicado?	<input type="checkbox"/> Si	<input type="checkbox"/> Non	
2. O seu medio ten centro de documentación?	<input type="checkbox"/> Si	<input type="checkbox"/> Non	
3. Cantas persoas traballan no arquivo?.....	Homes:	Mulleres:	
Idades: Homes:	Mulleres:		
4. Observacións do entrevistador:			

5.2. CUESTIONARIO INDIVIDUAL (FASE 2)

N.º _____ Medio:	SEXO <input type="checkbox"/> M <input type="checkbox"/> F	Entrevista N.º
Entrevistador:		

1. Estudos realizados:	Licenciado en .....
	Outros:.....
2. Cursos de reciclaxe feitos recentemente: .....	
3. Idiomas que domina correctamente: <input type="checkbox"/> Galego <input type="checkbox"/> Inglés <input type="checkbox"/> Francés <input type="checkbox"/> Portugués <input type="checkbox"/> Alemán	
<input type="checkbox"/> Outros	

4. Traballa neste medio desde o ano:..... de forma continua <input type="checkbox"/> ou descontinua <input type="checkbox"/>
5. No seu traballo actual ten contrato? <input type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non (pasa a pregunta 7)
O contrato é <input type="checkbox"/> Fixo <input type="checkbox"/> Temporal <input type="checkbox"/> ETT <input type="checkbox"/> Artístico <input type="checkbox"/> Por obra <input type="checkbox"/> Prácticas <input type="checkbox"/> Outro
De non ser fixo, cal é a duración do seu contrato?.....

Cal é a categoría ou a dedicación laboral que figura no seu contrato?.....
Cal é a ocupación que realmente está a desenvolver vostede?:

6. Para poder facer unha media, podería indicar en que apartado se incluírían os seus ingresos, en euros,...

... brutos	- de 300	300 a 600	600 a 900	900 a	1200 a	1500 a	+
				1200	1500	1800	1800
... netos	- de 300	300 a 600	600 a 900	900 a	1200 a	1500 a	+
				1200	1500	1800	1800

Se NC: Indique se o seu salario neto supera o SMI (525 €)

Cantas pagas recibe ao ano? \_\_\_\_ Cobra integramente o seu salario por nómina?  Si  Non

7. O grupo económico ao que pertence a súa empresa, proporcionalle nos seus produtos condicións ou ofertas especiais?

- Si  
 Non  
 Non pertence a ningún grupo

8. Empresas non participadas pola que vostede traballa, proporcionánlle nos seus produtos condicións ou ofertas especiais?

- Si  
 Non

9. No día de onte, entre que horas se desenvolveu a súa xornada laboral? \_\_\_\_\_

Horas que traballa, de media, cada día: .....

Días que traballa, de media, cada semana:.....

Traballa as fins de semana?  Si  Non Compénsallos a empresa?  Si  Non Como?:.....

Ten o mesmo horario durante o ano?

- Si
- Non

En que mes do ano traballa con maior intensidade?

X F M A M X X A S O N D

Por que?

.....

10. Cantos días de vacacións ten o ano? .....

Pode distribuílos segundo os seus intereses?

- Si
- Non

Conta a empresa con ofertas propias para as vacacións dos empregados ou dos familiares destes máis directos?

- Si
- Non

11. Fai horas extras?  Si  Non Son remuneradas?  Si  Non

No caso de realizar algún traballo extra e puntual pero propio de documentación, á marxe do seu labor cotián, recibe compensacións económicas ou doutro tipo?

- Si
- Non

12. Nunha escala de 1 a 10 indique o seu grao de acordo coas seguintes afirmacións (1 é nada de acordo e 10 completamente de acordo):

Estou ben pagado para o traballo que fago:

1 2 3 4 5 6 7 8 9 10

O traballo que realizo é o adecuado á miña formación académica:

1 2 3 4 5 6 7 8 9 10

En que grao aproveita a empresa a súa formación?

1 2 3 4 5 6 7 8 9 10

Se o CDD estivese organizado doutro xeito, melloraría o seu rendemento como documentalista?

1 2 3 4 5 6 7 8 9 10

A empresa colabora na súa reciclaxe?

1 2 3 4 5 6 7 8 9 10

Como documentalista, séntese valorado pola empresa?

1 2 3 4 5 6 7 8 9 10

E polos xornalistas?

1 2 3 4 5 6 7 8 9 10

E polos técnicos?

1 2 3 4 5 6 7 8 9 10

Pensa que a empresa xulga rendible economicamente o CDD?

1 2 3 4 5 6 7 8 9 10

Coida que o traballo do CDD inflúe na «boa imaxe» da empresa de cara ao consumidor?

1 2 3 4 5 6 7 8 9 10



13. Nos últimos dous anos padeceu algún problema de saúde relacionado coa súa actividade laboral?

- Si
- Non

Pode indicarnos cales?

- Dores de lombo
- Dores de gorxa
- Aumento miopía
- Desánimo
- Cansazo
- Outras

14. Séntese a gusto no traballo?

- Si
- Non
- Regular

De 1 a 10:            1   2   3   4   5   6   7   8   9   10

15. Pertence a algún sindicato?

- Si
- Non

A cal .....  
Por que?.....

16. Pertence a algunha agrupación profesional?

- Si
- Non

A cal .....  
Por que?.....

## 5.3. CUESTIONARIO MEDIOS (FASE 2)

N.º _____ Medio:	Entrevista N.º	Entrevistador:
1. O seu medio ten Centro de Documentación?	<input type="checkbox"/> Si	<input type="checkbox"/> Non
2. Dispón de arquivo do emitido ou publicado?	<input type="checkbox"/> Si	<input type="checkbox"/> Non

3. O local onde traballa vostede:

En que lugar do edificio se sitúa? .....

Canto mide, en metros cadrados?.....

Está dividido en estancias?.....

Queda cerca da redacción?..... A que distancia, en metros:.....

Queda cerca do depósito?..... A que distancia, en metros:.....

Dispón de calefacción?       Si    Non

Dispón de aire acondicionado?    Si    Non

Ten luz natural?     Si    Non

Hai humidade?     Si    Non

Ten algún sistema de ventilación ou de renovación de aire?    Si    Non

Ten andeis de madeira  ou de metal  ?

4. O depósito:

En que lugar do edificio se sitúa? .....

Canto mide, en metros cadrados?.....

Está dividido en estancias?.....

Queda cerca da redacción?..... A que distancia, en metros:.....

Queda cerca do local?.....A que distancia, en metros:.....

Dispón de calefacción?  Si  Non

Dispón de aire acondicionado?  Si  Non

Ten luz natural?  Si  Non

Hai humidade?  Si  Non

Ten algún sistema de ventilación ou de renovación de ar?  Si  Non

Ten andeis de madeira  ou de metal

5. Dentro do organigrama da empresa, o centro de documentación depende de?

Dirección

Redacción

Producción

Outros

6. Quen xestiona o orzamento propio do seu centro de documentación?

- O propio CDD
- Administración
- Xerencia
- Redacción
- Dirección
- Produción
- Outros

7. (Se non dispón de orzamento propio) E daquela, que xestións debe realizar cando necesita realizar un pagamento?

8. O orzamento propio do seu centro de documentación conta con partidas específicas para:

Mercar aparellos de «novas tecnoloxías»

- Si
- Non
- Non sabe

Mercar libros, bases de datos ou CD de interese para o seu labor

- Si
- Non
- Non sabe

Mercar subscrición a bases de datos colgadas en internet

- Si
- Non
- Non sabe

Todos os traballadores do seu CDD contan con ordenadores?

- Si
- Non
- Non sabe

Cantos ordenadores do seu CDD teñen conexión a internet?

- Todos
- A metade
- Un terzo
- A cuarta parte
- Un
- Ningún

Que proporción supón en relación cos ordenadores de que dispón do seu CDD?.....%

Dispoñen de intranet?

- Si
- Non
- Non sabe







CONSELLO  
DA CULTURA  
GALEGA

+ SECCIÓN DE ANTROPOLOXÍA CULTURAL + SECCIÓN DE ARQUITECTURA + SECCIÓN DE COMUNICACIÓN. **Arquivo de Comunicación** + SECCIÓN DE DEREITO GALEGO + SECCIÓN DE CULTURA GALEGA NO EXTERIOR. Arquivo da Emigración Galega + SECCIÓN DE LINGUA. Centro de Documentación Sociolingüística de Galicia + SECCIÓN DE MÚSICA E ARTES ESCÉNICAS. Arquivo Sonoro de Galicia + SECCIÓN DE PATRIMONIO HISTÓRICO + SECCIÓN DE ARTES PLÁSTICAS + SECCIÓN DE PATRIMONIO NATURAL + SECCIÓN DE CIENCIA, TÉCNICA E SOCIEDADE + SECCIÓN DE LITERATURA E INDUSTRIAS DA EDICIÓN + SECCIÓN DE FILOSOFÍA E PENSAMENTO +

CONSELLO DA CULTURA GALEGA

PAZO DE RAXOI, 2º ANDAR. PRAZA DO OBRADOIRO. 15705 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
TEL. 981 95 72 02 FAX 981 95 72 05 • Enderezo electrónico [correo@consellodacultura.org](mailto:correo@consellodacultura.org)